

CONSULTA PUBLICA PREVIA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

O Concello pretende modificar a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria.

Para a modificación das Ordenanzas municipais debe seguirse o mesmo procedemento que para a súa aprobación en virtude do previsto no artigo 56 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

A ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo municipal de comedor escolar nos centros de educación infantil e primaria foi aprobada no exercicio 2017, permanecendo invariable sen que fose sometida a ningún tipo de modificación.

Como trámite previo, de conformidade co que establece o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo realiza a presente consulta pública, a fin de solicitar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola referida norma, acerca de:

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

O impulso da tecnoloxía dende ese período xerou novas formas de comunicación, do mesmo xeito que a cidadanía esixe cada vez canais de comunicación e a posibilidade da realización dos trámites de maneira máis sinxela e áxil. Dende o ano 2022 substituíuse a inscrición por rexistro polo uso dun sistema informático (aplicación móbil).

A inclusión nos pregos da contratación do servizo de novas definicións dos conceptos de usuarios e prestacións.

A detección de malas praxis por parte de determinados usuarios na escolla entre usos dos servizos fixos ou esporádicos, así como a acumulación de débedas.

A mellora e clarificación da redacción do texto.

Necesidade e oportunidade da súa aprobación

A oportunidade de modificar a devandita Ordenanza vén determinada pola necesidade de garantir o cumprimento dos principios de boa regulación, o que implica a “evaluación periódica das normas vixentes”

Obxectivos da modificación da norma

Os obxectivos das modificacións pretendidas é mellorar a redacción do texto e adaptalo á realidade social da actual forma de xestión do servizo.

Posibles solucións alternativas regulatorias

A solución máis adecuada para a adecuación da normativa é a modificación da actual ordenanza.

Os prezos públicos constitúen ingresos de dereito público (artigo 2 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) polo que para a imposición, regulación e modificación requírese unha norma coa categoría de ordenanza, conforme ao disposto no artigo 47 do citado texto, cuxa tramitación haberá de axustarse ás previsións dos artigos 49 e 70.2 da Lei /1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 89 a 93 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo.

Non se contemplan solucións alternativas regulatorias diferentes á Ordenanza, tampouco se contemplan solucións non regulatorias.

Co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, os cidadáns e organizacións máis representativas que se consideren afectados potencialmente por esta ordenanza, poderán facer chegar as súas opinións sobre as condicións referidas anteriormente, nun prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, por escrito a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da devandita Lei 30/2015, do 1 de outubro, (LPACAP), con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da ordenanza reguladora do servizo municipal de comedor escolar nos centros públicos de educación infantil e primaria.

Asinado dixitalmente, pola Concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buíde Pena, na data que se indica á marxe.